


**Esta é a principal conclusión** dun artigo que foi publicado pola Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico, no cal se subliña que o cambio climático será o principal responsable do incremento do risco, pola elevación do nivel dos mares

# AS INUNDACIÓNS AFECTARÁN Ó TRIPLO DE PERSOAS NO 2070

MARINA GAMBARINI



En xaneiro do 2007 inundáronse as zonas baixas de Hamburgo, cidade alemana que era obxecto de estudo por parte dos expertos da OCDE, xa que nela viven máis dun millón de persoas.

## E.D. • Sentido)

A poboación de cidades portuarias con risco de inundacións no mundo pasará de máis de 40 millóns na actualidade a 150 millóns no horizonte de 2070 por causa do cambio

representando a Météo-France e o Centre International de Recherche sur l'Environnement et le Développement (Centro Internacional de Investigacións sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento); e Jan Corfee-Morlot e Jean Chateau por parte da OCDE. O informe sinala

nivel dos mares parte do suposto da fusión dos xeos polares.

A metade da poboación exposta a inundacións por mor de mareas, temporais e ventos violentos concentrarase en dez grandes urbes, das cales nove estarán en Asia e só unha, Miami (Estados Unidos), nun país desenvolvido. Ainda que hoxe en día a cidade india de Bombai é a que ten maior número de persoas residentes en zonas de risco, en 2070 a más vulnerable será probablemente outra urbe desse país, Calcuta, con 14 millóns de habitantes.

Tras Calcuta, seguida de cerca por Bombai, estarán Dacca (Bangladesh), Guangzhou (China), Cidade de Ho Chi Minh (Vietnam), Xangai (China), Bangkok (Tailandia), Rangún (Birmania), Hai Phong (Vietnam) e Miami.

En termos de bens expostos ó risco de inundación, Miami continuará sendo a más ameaçada, con 3,5 billóns de dólares. fronte ós 400.000 millóns da actualidade. Por detrás colocáronse Guangzhou, Nova York, Calcuta, Xangai, Bombai, Tianjin (China). Isto que, Hong Kong e Bangkok. Segundo

este informe Barcelona é a única cidade costeira española ameaçada, entre outras razons porque é a única do país con máis dun millón de habitantes. Segundo os autores do informe, en Barcelona hai 11.000 persoas que viven en zonas expostas a risco de inundacións e ese número manterase estable no horizonte de 2070. Por todo, os activos ameaçados pasarán de 390 millóns de dólares na actualidade a 4.600 millóns en 2070.

Os países que teñen máis razons para inquietarse, polo número de habitantes afectados, son China (máis de 30 millóns), a India (uns

China ascenderán a case once bilhões de dólares, en Estados Unidos a máis de nove bilhões, na India a máis de catro, en Xapón a uns 3,5 e en Holanda a uns dous.

Este informe inaugura unha serie de estudos que a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico vai consagrar ás repercusións económicas do cambio climático nas grandes cidades.

Os seus autores sublinhan que as estratexias de atenuación retardarán e limitarán os efectos agravantes do cambio climático pero advierten tamén que construir proteccións costeiras eficaces pode levar

## EXPERTOS DO MUNDO ACADEMICO E MAIS DO SECTOR PRIVADO COLABORARON NA ELABORACION D'ESTE REALISTA INFORME

climático, por causa da elevación do nível do mar, segundo un informe divulgado pola Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE).

A elaboración deste informe contou por conta dun amplio grupo de expertos académicos e do sector privado, entre os que se encontraban Robert Nicholls e Susan Hanson, da Universidade de Southampton; Celine Heyen e Nicola Patricio e Robert Muir-Wood da empresa Risks Management Solutions; Stepanane Hallegatte,

la que os bens ameaçados nas máis de 130 cidades portuarias con máis dun millón de habitantes en todo o mundo que son concretamente o obxecto do estudo do grupo, formado pola OCDE, pasarían de 3 bilóns de dólares na actualidade a 35 bilóns en 2070. Esas cifras baseánsense nun risco de inundación que se cifra nunha soa vez por século e nunha hipótese dunha elevación media do nivel dos océanos de 50 centímetros para o ano 2070, de acordo coas conclusións do informe. A estimación da elevación do

## BARCELONA, A ÚNICA CIDADE COSTEIRA DE ESPAÑA QUE TEN MÁIS DUN MILLÓN DE HABITANTES, FOI OBXECTO DE ESTUDO

polo menos unha trentena de anos. "A adaptación ten que converterse nunha prioridade dos poderes públicos desde agora para que poida marcar mañá a diferenza", afirmaron.